

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACION DA SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DUNHA REDE DE RADIOCOMUNICACIÓNS DIXITAIS DE VOZ E DATOS PARA A OPERATIVA DA POLICÍA LOCAL (EXP. REF. 46-2016). LECTURA DE INFORME TÉCNICO EN RELACIÓN COS CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR. PETICIÓN NOVO INFORME TÉCNICO.

Sendo as 13:00 horas do día 10 de marzo de 2017, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, constitúese a Mesa de Contratación, presidida polo xefe do servizo de contratación, patrimonio e fomento, don Xosé Manuel Cao Rei, e actuando como vocais:

Don Manuel Louzao Aldariz, Titular da Asesoría Xurídica; dona Maria Baza Poudereux en substitución do Interventor Xeral; don Manuel Méndez Novo, Xefe da Policía Local, dona Carmen Flores Vicesecretaria accidental e como secretaria dona Ana Tabarés Martínez, Técnico do servizo de contratación, patrimonio e fomento.

Tamén asisten ao acto público don Daniel Darriba Dacruz e don Gerardo Feijoo, en representación da mercantil VEICAR, S.L.; e don Francisco Javier Pérez Rico en representación da mercantil GALICOM TELECOMUNICACIONES, S.L

A continuación procédese por parte do presidente da Mesa á lectura do informe técnico elaborado polo enxeñeiro don Javier Fernández Fraga relativo á valoración técnica das propostas presentadas polos licitadores e incluídas no sobre B e do que resulta a seguinte puntuación:

- EAGLE EYE ELECTRONICS S.L: non se valora (a documentación está maioritariamente escrita en inglés, non cumpre as prescricións técnicas)
- VEICAR S.L: 15 PUNTOS (Calidade e claridade oferta: 8 puntos/Calidade materiais e equipos:7 puntos)
- GALICOM COMUNICACIONES S.L: 11 PUNTOS (Calidade e claridade oferta: 5 puntos/Calidade materiais e equipos:6 puntos)

Antes de proceder á apertura do sobre C intervén don Gerardo Feijoo de VEICAR para manifestar que a mercantil GALICOM non cumpre o prego de condicións técnicas no relativo a:

1º.- En relación coa descripción global do proxecto manifesta que faltan os seguintes apartados:

b) Ubicacións finais de repetidores.

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/atm

Refº: ACTA LECTURA INFORME TÉCNICO 10.03.17

Asunto: ACTA LECTURA INFORME TÉCNICO RADIO COMUNICACIÓN PETICIÓN NOVO INFORME SOBRE MANIFESTACIÓN LICITADORES

f) Diagramas, fotos e toda a información que sexa necesaria para a comprensión da solución proposta

g) Descrición de cómo se levará a cabo a instalación e o suministro eléctrico, facendo especial referencia os armarios de comunicacións, cadros eléctricos, rosetas de datos e percorrido e tipo de canalizacións.

2º.- En relación coa Descrición dos materiais a empregar manfiesta que faltan os seguintes apartados:

c) Deberá entregarse un Certificado pola empresa licitadora, no que se garantice que todos e cada un dos equipos ofertados cumpren coa normativa vixente en canto ó uso do espectro radioeléctrico en España.

d) Entregaranse os certificados que demostren que os equipos propostos dispoñen do marcado CE.

Seguidamente don Francisco Javier Pérez Rico de GALICOM manifesta que a empresa VEICAR presenta fotocopias do marcado CE, que non son orixinais e que non se emiten pola marca. O representante de VEICAR di que está correcta a súa documentación.

Ante estas manifestacións os integrantes da mesa acordan por unanimidade non proceder á apertura dos sobres C e solicitar novo informe técnico que analice as cuestións manifestadas polos licitadores de modo que se aclare se as dúas empresas cumpren ou non o prego de condicións técnicas.

Sen mais que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 13:30

O PRESIDENTE

Asdo.: Xosé Manuel Cao Rei.



A SECRETARIA

Asdo.: Ana Tabarés Martínez